

A TIRO DUNHA PEDRA...

Recursos da zona próxima a San Xoán de Río, aproximadamente a 30 ou 45 minutos de camiño:

1 ► Pena do Sastre

Pregue xeolóxico espectacular

2 ► Castro Caldelas

Castelo e casco histórico

3 ► Miliarios romanos

Restos da Vía Nova ou Vía Antonino

4 ► Pena Folenche

Miradoiro natural sobre a Primeira Paraxe Natural Protexida de Galicia.

5 ► Os Biocos: minas de Ouro

Minas romanas de ouro a ceo aberto

6 ► Castiñeiro de Pumbariños

Monumento Natural Galego, castiñeiro de máis de mil anos de antigüidade.

7 ► Ponte do río Navea

Ponte romana con reforma medieval

8 ► A Pobra de Trives

Torre do Reloxio, Casa Grande, Pazo dos Marqueses...

9 ► Ponte do Bibei

Ponte romana da época do emperador Trajano. Sen modificacións posteriores.

10 ► Canóns dos ríos Bibei e Larouco

11 ► Canón do Sil

Miradoiro sobre o val do río Sil

12 ► Montefurado

Túnel romano para desviar o río Sil e extraer o Ouro.

**Altega**
EDUCACIÓN E LECER

 988 346 204

 988 391 389

www.osbiocos.com

info@osbiocos.com

actividades 2010
OS BIOCOS

O ALBERGUE

O Albergue dos Biocos atópase no concello de San Xoán de Río (Ourense), preto da primeira Paisaxe Natural Protexida de Galicia e na Comarca das Terras de Trives, entre a serra de Castrelo e o monte Ce-rengo a 1005 metros de altitude. Unha ubicación privilexiada a carón dunha chea de recursos naturais e de testemuñas arqueolóxicas.

AS INSTALACIÓNS

Para o teu aloxamento contamos con:

- Apartamentos con cuartos dobres, salón, cociña e baño compartidos.
- Apartamento adaptado a persoas discapacitadas.
- Habitacións con liteiras múltiples de distinta capacidade (de 6 a 20).
- Salas para actividades e xogos (*Casa dos Amigos*).
- Laboratorio científico (*Casa da Ciencia*).
- Observatorio astronómico (*Casa das Estrelas*).
- Aula da natureza.

ACTIVIDADES DE VERÁN

→ OS XOVES:

18:00 Xeo-caching

23:00 Xeo-caching nocturno

→ OS VENRES:

22:00 Planetario PELÍCULA 1

23:00 Paseando entre as estrelas: observación astronómica

→ OS SÁBADOS:

18:00 Planetario sesión infantil

22:00 Planetario PELÍCULA 2

23:00 Paseando entre as estrelas: observación astronómica

→ OS DOMINGOS:

11:00 Planetario sesión infantil



Outras actividades para grupos concertados:

- Rutas interpretativas guiadas:
Ruta da Fraga, Ruta das Minas Romanas, Ruta do Ouro
- Sesións de astronomía.
- Cursos Xeo-caching ou uso lúdico do GPS.
- Xogos e obradoiros para nenos/as.
- **Campamento Space-Camp**, con actividades lúdicas, xogos, astronomía, tempo de lecer e aventura. Con ou sen aloxamento ..
- Aluguer de bicicletas de montaña.
- Aluguer GPS.

XEO-CACHING:

Unha aventura única, que porá a proba as túas capacidades de orientación co aparello GPS para atopar o tesouro agochado. Participarás nun xogo deportivo en constante interacción coa natureza e cos recursos paisaxísticos e patrimoniais da zona.

PLANETARIO:

Proxección de películas "full-dome" no noso planetario portátil ubicado na casa das estrelas. Serán proxeccións aptas para nenos e adultos.

PASEANDO ENTRE AS ESTRELAS:

Unha oportunidade de ver os astros como se estiveran ao teu lado, coñecer os cráteres da Lúa, os aneis de Saturno, as galaxias do Universo. Aprenderás a recoñecer constelacións, os mitos e lendas e a orientarte mirando ao ceo.

SPACE-CAMP

CAMPAMENTO ASTRONÓMICO

QUE É?

Actividades lúdicas e didácticas centradas na ciencia e na tecnoloxía, especialmente relacionadas coa astronomía e o espazo. Os participantes aprenderán, divertiranse, descubrirán, interactuarán e verán con outros ollos o seu contorno e, sobre todo, o ceo.

Todo isto a través de xogos, obradoiros, actividades dirixidas por profesionais no campo da pedagogía e con especialistas con ampla experiencia nas actividades que ofertamos (astronomía, orientación, interpretación da natureza...).

CANDO?

A partir do 1 de xullo dende as 10:00 ata as 20:00 con posibilidade de durmir nas nosas instalacións.

Comidas incluídas.

PARA QUEN?

De 8 a 17 anos, con actividades por grupos de idade.

TARIFAS XERAIS

	Aloxamento	Aloxamento+almorzo	MP	PC
Liteiras	13,50	15,50	23,50	30,50
Apartamentos	18,50	20,50	28,50	35,50
Cama Supletoria	7	9	17	24

→ Prezos por persoa e día.

→ Os apartamentos inclúen dereito a cociña, salón e roupa de cama.

→ Descontos a grupos.

TARIFAS SPACECAMP

→ Sen aloxamento (incluíndo o xantar): 19 € día.

→ En pensión completa (liteiras): 29 € día.

→ Mínimo 5 días.

**PAGA O QUE
QUEIRAS...**

...por durmir nas nosas
instalacións

Só no mes de xullo.
Só aloxamento por dúas noites e se
hai cuartos libres.

25%
desconto

nas Actividades de Verán
Só para aloxados

Os prezos levan o IVE incluído. Consultar gastos de transporte desde Castro Caldelas, A Pobra de Trives ou Quiroga.

COMO CHEGAR

Dirección:

32770 San Xoán de Río - Ourense

☎ 988 346 204 - Fax: 988 346 030

- Desde **Quiroga** (14 km): estrada LU-5301 e antiga OU-705, en dirección a San Clodio e San Xoán de Río.
- Desde **Castro Caldelas** (19 km): estrada OU-536, dirección Trives. No alto de Cerdeira coller desvío á esquerda en dirección a Quiroga-San Xoán de Río (antiga OU-16/OU-0705).
- Desde **A Pobra de Trives** (16 km): estrada OU-536, dirección a Ourense. Tras atravesar o río Navea coller desvío cara San Xoán de Río. No pobo, coller á dereita a estrada OU-705.
- Desde **O Barco de Valdeorras** (50 km): estrada N-120 ata Quiroga.
- Desde **Ourense** (65 km): estrada OU-536, dirección a Trives. Seguir indicacións desde Castro Caldelas.

